



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 22 de abril de 2009, adoptou o seguinte acordo:

ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA OBRA “ACTUACIÓN NA REDE DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE O HIO”

Primeiro.- Adxudicar provisionalmente a obra “Actuación na rede de saneamento na parroquia de O Hio” á empresa ANCHELARGUES E ASOCIADOS, S.L., co CIF n.º B-27724301, e domicilio na rúa Colón n.º 7, 3º (CP 36201) de Vigo, polo importe total de 332.337,49 €, cunha mellora sen custe adicional valorada en 49.850,62 €, un prazo de execución de tres meses, e unha aportación de man de obra de doce traballadores, sendo oito deles do cadro de persoal da empresa e catro de nova contratación.

Segundo.- Notificar a adxudicación provisional aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

Terceiro.- Notificar esta resolución ao adxudicatario e requirilo para que no prazo de cinco días hábiles, contados desde a publicación deste acordo no Perfil do Contratante, cumpra cos seguintes trámites:

- Achegar a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, Seguridade Social, Xunta de Galicia e Concello de Cangas.
- Constituír garantía definitiva por importe do 5 % do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Presentar xustificante de ter aboado ao Concello o importe dos anuncios de licitación.

Cuarto.- Nomear Directora de obra á Arquitecta Técnica dona Carmen Gómez Cancela.

Quinto.- Dar publicidade a adxudicación provisional deste contrato coa inserción no Perfil do Contratante.

O que se fai público no Perfil do Contratante do Concello de Cangas o día 27 de abril de 2009.